


# MEMORIA *de* ACTIVIDADES

2020/2021

*Servizo de Axudas  
ao Estudo, Bolsas  
e Prezos Públicos*



Universidade de Vigo

Servizo de Axudas ao Estudo,  
Bolsas e Prezos Públicos



**OBXECTIVOS  
DE DESENVOLVEMENTO  
SOSTIBLE**

<b>INTRODUCCIÓN: ASPECTOS SALIENTABLES DO CURSO 2020/2021</b> .....	3
<b>PREZOS PÚBLICOS</b> .....	5
1. Xestión do pagamento .....	6
2. Xestión das exencións e bonificacións .....	7
3. Xestión da falta de pagamento .....	8
4. Xestión das devolucións .....	8
5. Xestión do seguro escolar .....	8
6. Xestión da Axuda do Fondo de Acción Social para o persoal do Sistema Universitario Galego .....	8
7. xestión das solicitudes .....	9
<b>AXUDAS E BOLSAS</b> .....	10
1. Convocatorias do MEFP (e do goberno vasco para o estudiantado empadroado no País Vasco) .....	11
1.1. Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco .....	11
1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos .....	16
2. Premios de excelencia académica ao estudiantado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2020/2021 nas universidades do SUG .....	19
3. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo .....	19
3.1. Bolsa Comedor .....	21
3.2. Bolsa para iniciar estudos de mestrado .....	22
3.3. Axudas ao estudo .....	23
3.4. Axudas COVID-19 .....	26
3.5. Bolsas para a realización de cursos de linguas .....	27
3.6. Axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudiantado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural .....	29
3.7. Bolsa para a realización de actividades de carácter formativo .....	29
3.8. Bolsas Santander Conecta .....	31
3.9 Santander Progreso .....	32
3.10 Bolsas de inclusión .....	33
3.11 Bolsas de formación complementaria .....	35
3.12 Bolsas de mobilidade .....	44
3.13 Premios .....	49
3.14. Bolsas tramitadas doutros anos .....	67



## INTRODUCCIÓN: ASPECTOS SALIENTABLES DO CURSO 2020/2021

Na xestión levada a cabo no curso 2020/2021 cabe destacar os seguintes aspectos:

- Mantemos a nosa presenza nas xornadas de benvinda da universidade e dos distintos centros co obxectivo de o estudantado coñeza as distintas liñas de subvencións desde a súa entrada na universidade.
- Incrementamos os servizos consultados na plataforma de intermediación co obxecto de que a cidadanía non teña que presentar datos ou documentación que obra noutras administracións, tanto na xestión de prezos públicos como na xestión de bolsas.
- Deseñamos a estratexia no ámbito das subvencións en concordancia cos ODS e co Plan estratéxico da universidade.
  - Neste senso as convocatorias de subvencións da institución contribúen especialmente de xeito sustancial ao cumprimento dos ODS:
    1. Poñer fin a pobreza: adoptando como criterio prioritario para a obtención das bolsas a situación económica do estudantado universitario.
    2. Poñer fin á fame: establecendo liñas específicas de bolsas destinadas a garantir a manutención do estudantado mais vulnerable.
    4. Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida: convocando bolsas para que ningún alumno/a quede excluído do estudo por razóns económicas, e atendendo de xeito especial ao estudantado con necesidades educativas específicas, vítimas de violencia de xénero, e outros colectivos.
    5. Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas: promovendo distintas convocatorias de subvencións destinadas a consecución deste obxectivo.
    10. Reducir a desigualdade en e entre países: destinando parte do seu orzamento a bolsas dirixidas a estudantado procedente de países en vías de desenvolvemento, que actuarán como “axentes de cambio” contribuíndo ao desenvolvemento socioeconómico dos seus países de orixe.
    17. Alianzas para lograr os obxectivos: asinando convenios con distintas institucións públicas e privadas, para a realización de convocatorias de bolsas conxuntas de ámbito nacional e internacional, co obxectivo de promover a consecución dos ODS ao longo do mundo.
  - No tocante ao Plan Estratéxico da UVIGO 2021-2026 as convocatorias de bolsas responden ao establecido no obxectivo 26 “Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria” a través da acción “Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política de prezos públicos”.
- O importe de ingresos por prezos públicos diminúe por mor da redución de prezos de máster non habilitante aprobada pola Xunta de Galicia.
- A convocatoria xeral de bolsas do MEFP recolle varias novidades que supoñen melloras importantes para o estudantado:
  - Incrementábase considerablemente o limiar de renda familiar da axuda ligada a renda case duplicándose
  - Modifícanse os requisitos académicos para o alumnado de Grao desaparecendo o requisito de nota media

- Reestructuranse as convocatorias de bolsa Comedor e Axudas ao estudo UVIGO buscando unha maior claridade para as persoas solicitante, de tal xeito que a de Comedor configúrase como axuda complementaria ás bolsas de carácter xeral do MEFP, e a de Axudas ao estudo diríxese ao estudiantado de escasos recursos económicos que por causas de índole académica non obteñen a bolsa do MEFP.
- A convocatoria de bolsas de residencia inclúese na convocatoria de Axudas ao estudo UVIGO co obxectivo de acadar unha maior eficacia na xestión, e a simplificación do procedemento para o estudiantado.
- O persoal do servizo realizou cursos sobre a xestión de CIVIDAS a nova aplicación informática de rexistro de entradas, saídas e xestión de procedementos.
- No tocante aos resultados diminúe considerablemente o orzamento executado de bolsas de mobilidade por mor da pandemia provocada por COVID-19.
- Novas convocatorias:
  - Incubi Consolida
  - PREMIOS GIRLGEEKCOVID da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-Uvigo
  - Premios TFG e TFM do Campus CREA da Universidade de Vigo
  - bolsa de formación na Vicerreitoría do campus de Pontevedra da Universidade de Vigo para o curso 2020/2021
  - Programa de Bolsas Santander Conecta

Datos das ferramentas de difusión:

	Portal de bolsas	Web de prezos públicos	Axenda	App Convocatorias
Numero de visitas á páxina	43.422	16.919	5.271	141.256
Número de páxinas vistas únicas	32.077	10.965	5.271	
Promedio de tempo na páxina	00:02:07	00:02:32	Non dispoñible	

Sistema de queixas, suxestións e parabéns:

Tipo	Número
Queixa	6
Suxestión	1
Parabén	0


Tempo medio de resposta: 3 días  
 Número de QSP respondidas en prazo: 100%

## PREZOS PÚBLICOS

Ao longo do curso 2020/2021 realízase a xestión de prezos públicos derivados da actividade académica e a xestión da cotización do seguro escolar.

No tocante á xestión de prezos públicos asociados á actividade académica de titulacións oficiais e programa de maiores, os ingresos do curso supoñen un total de 13.446.852 €.

Gráfica 1. Ingresos por tipo de estudo



Os ingresos por Mestrado diminuíron un 27% debido a que baixou o prezo dos que non habilitan para o exercicio profesional.


Os ingresos distribúense do seguinte xeito:

pago estudiantado	8.630.627 €
exencións e bonificacións	1.168.561 €
compensación bolsa distintos organismos	3.647.664 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.446.852 €</b>

O prezo medio por estudante é o seguinte:

Grao	697,83 €
Mestrado	616,86 €
Doutoramento	250,02 €
Programa de maiores	54,59 €


Gráfica 2. Evolución dos ingresos e matrícula



### 1. XESTIÓN DO PAGAMENTO


No tocante á forma de pagamento elixida distribúese do seguinte xeito:

Gráfica 3. Importe por forma de pagamento



Unha parte importante do pago en efectivo corresponde a pagos nos que non se permite a domiciliación (alumnado con pagos pendentes, certificacións...).

Gráfica 4. Estudantes por forma de pagamento da matrícula




O 6% estudantes que escolleron domiciliación como forma de pagamento devolveron os cargos, e o 7% que seleccionaron efectivo/tarxeta non pagaron en prazo.


## 2. XESTIÓN DAS EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

As exencións e bonificacións do importe total ou parcial de matrícula e outros prezos públicos asociados, son aprobadas cada curso académico por Decreto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. No curso 2020/2021 foron beneficiarios de exención ou bonificación 5.887 estudantes cun importe total de 1.176.398 € distribuídos do seguinte xeito:

Gráfica 5. Número estudantes por exención ou bonificación



Gráfica 6. Importe por exención ou bonificación



A exención correspondente a familias numerosas de 3 fillos é compensada á Universidade polo MEFP, o que neste curso supón un importe de 539.348,36 €. Os demais importes son compensados pola Xunta de Galicia a través do financiamento global aportado á Universidade.

### 3. XESTIÓN DA FALTA DE PAGAMENTO

- Ao longo do curso 1.410 estudantes (7% do estudantado matriculado) incumpriron os prazos de pago, correspondendo o 41% a domiciliacións nas que se rexeitou o cargo, e o 59% a pagos en efectivo/tarxeta que caducaron sen pago. En canto ao importe supón o 4,21% dos ingresos totais.
- No mes de maio enviouse notificación a 367 estudantes que mantiñan a débeda coa universidade.
- Finalizado o curso 179 estudantes manteñen a débeda por un importe total de 107.585,15 € que supón o 0,8% dos ingresos totais, importe que inclúe o 10% de penalización aprobado polo Consello Social. A débeda media é de 600 €.

### 4. XESTIÓN DAS DEVOLUCIÓNS

Finalizado o curso realizáronse 1.504 devolucións de prezos públicos por un importe de 358.342,37€. O 42% das devolucións son debidas a modificacións parciais na matrícula, o 39% a exencións acreditadas despois do pago, o 16% a anulacións totais de matrícula e un 4% é debido a erros do estudantado no pago.


### 5. XESTIÓN DO SEGURO ESCOLAR

Cotizouse por un total de 16.405 estudantes menores de 28 anos de nacionalidade española e residentes estranxeiros/as.

### 6. XESTIÓN DA AXUDA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O PERSOAL DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO


O persoal das universidades galegas ten recoñecida a gratuidade dos prezos públicos derivados da matrícula en titulacións oficiais, a través dos correspondentes acordos sindicais e con cargo aos fondos de acción social de cada universidade.

As axudas xestionadas no curso 2020/2021 de estudantado matriculado na UVIGO repártense do seguinte xeito:





Gráfica 8. Importe matrícula persoal SUG na UVIGO



Con respecto ao persoal da UVIGO matriculado nas outras dúas universidades galegas distribúese do seguinte xeito:

Gráfica 9. Matrícula do persoal da UVIGO na USC e UDC



Polo que o importe total da axuda do fondo de acción social imputable ao persoal da UVIGO ascende a 270.555,82 € e correspóndese con 515 estudantes.

## 7. XESTIÓN DAS SOLICITUDES

Xestionanse ao longo do curso 1.197 solicitudes, repartidas do seguinte xeito:

Asunto	Nº solicitudes
• Solicitude de exención por condición de persoal das Universidades Públicas Galegas acreditada despois do pago	72
• Achega de documentación para a Axuda de persoal das Universidades públicas galegas	28
• Modificación da forma de pagamento da matrícula	203
• Solicitude de exención de matrícula por ser solicitante de bolsa acreditada despois do pago	132
• Modificación da conta bancaria	68
• Solicitude de Anulación de Exencións e Axudas marcadas en matrícula	686
• Solicitude de devolución de prezos cursos anteriores	6
• Recurso contra arquivo de expediente por impago	2

## AXUDAS E BOLSAS

Ao longo do curso 2020/2021 xestiónanse 2 convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), unha da Consellería de Cultura Educación e Universidade, e 34 convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro)

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución* (días)	Número solicitudes	Número concedidas
<b>Bolsas MEFP</b>	14.631.663,87 €	100%	Non procede	9.890	6.636
<b>Bolsas UVigo</b>	1.511.684,92 €	76,61%	62	2.971	1.208

\*desde o fin de prazo de solicitudes

Por outra banda damos soporte a Consellería de Cultura, Educación e Universidade proporcionando datos académicos do estudiantado da universidade de Vigo que presenta solicitude as seguintes convocatorias:

- Convocatoria dos premios fin de carreira para o estudiantado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2020 nas universidades do Sistema universitario de Galicia
- Convocatoria de axudas destinadas ao estudiantado do SUG que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico 2020/21 ou por unha situación derivada da COVID-19, teña dificultades económicas para continuar estudos
- Axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia
- Axudas ao estudiantado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2021, co obxecto de coñecer a lingua dese país

E así mesmo proporcionamos datos académicos ao MEFP do estudiantado solicitante dos Premios Nacionais de Fin de Carreira.

## 1. Convocatorias do MEFP (e do goberno vasco para o estudiantado empadroadado no País Vasco)

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución* (días)	Número solicitudes	Número concedidas
Bolsas MEFP	18.520.175 €	100%	Non procede	9.890	6.636


### 1.1. Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco


Destinada a persoas que se matriculan na Universidade de Vigo nunha titulación oficial de grao ou mestrado.

As principais novidades desta convocatoria son:

- Incrementábase considerablemente o limiar de renda permitida para a obtención da "contía ligada a renda", practicamente duplicándose o que supón un incremento considerable de estudiantado que consegue a contía asociada.
- Aumento de 100 euros na "contía ligada a renda" ata os 1.700 euros.
- Aumento de 100 euros na "contía de residencia" ata os 1.600 euros.
- Modifícanse os requisitos académicos para o alumnado de Grao desaparecendo o requisito de nota media.

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución* (días)	Número solicitudes	Número concedidas
18.414.175 €	100%	Non procede	9807	6583







O 47% das persoas matriculadas solicitan bolsa e a obteñen o 67% das persoas que o solicitan, polo tanto 1 de cada 3 persoas matriculadas obtén bolsa.

Das concedidas, o 56% teñen concedida a contía ligada á renda cun importe por bolsa de 1.700€ o que supón un incremento porcentual do 100% grazas o incremento do limiar de renda familiar.

Por outra banda o 28% teñen concedida a contía de residencia cun importe por bolsa de 1.600 €, e o 6% teñen só concedida a gratuidade dos estudos, reducíndose esta porcentaxe considerablemente por mor da eliminación do requisito de nota media. A contía por excelencia concedeuse a 1.991 estudantes (o 30,24% das concedidas), cun total de 136.700,00€.


A contía media é de 2.797,23 € (incluído o importe de prezos públicos de matrícula).









Gráfica 13. Solicitudes denegadas por causa




Gráfica 14: Solicitudes denegadas por causas académicas




Gráfica 15: Solicitudes denegadas por causas económicas






1.1.1. Alegacións

Gráfica 17. Tipo de alegación presentada




Gráfica 18. Resolución de alegación




Estímanse o 66% das reclamacións de aumento de contía, tratándose na súa maioría de axudas de residencia por achega de contratos de aluguer durante o curso, ou alumnos que tiñan concedida a bolsa parcial e amplían matrícula. Asimesmo, estímanse o 19% das reclamacións presentadas fronte a denegacións de bolsa por achega de nova documentación.

1.1.2. Recursos

Gráfica 19: Tipo de recurso presentado



Gráfica 20: Resolución recursos



Dos recursos estimados, o 54,55% son de concesión da contía de residencia por achegar o contrato de aluguer durante o curso e os restantes correspóndense coa achega de nova documentación.

1.1.3. Revogacións


Xestionanse 8 expedientes de reintegro (4 por anulación de matrícula e 4 por incompatibilidd de bolsa) cun importe de 17.668,84 €.

1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos

Destinadas a iniciar ao estudantado universitario en actividades de investigación nos departamentos universitarios.


Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Número concedidas	Contía media
106.000,00 €	100%	27	83	53	2.000,00 €

Gráfica 21. Solicitudes por rama



Hai 13 solicitudes denegadas por falta de cupo que se corresponden con estudiantado que cumpre os requisitos pero non obtén a puntuación suficiente para ocupar algunha das bolsas ofertadas.

Gráfica 22: Solicitudes por departamento





## 2. Premios de excelencia académica ao estudiantado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2020/2021 nas universidades do SUG

Destinados ao alumnado de grao que obteña as mellores cualificacións en cada curso da traxectoria académica. Os premios de excelencia académica pretenden motivar o alumnado universitario a mellorar o seu currículo recoñecendo unha actitude de compromiso e esforzo no estudo.


Os premios outórganse a proposta da universidade sen previa solicitude do estudiantado

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Número concedidas	Contía media
139.000,00 €	100%	Non procede	Non procede	139	1.000,00 €


## 3. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo

Evolución das bolsas propias:

Gráfica 23. Solicitudes



Gráfica 24. Orzamento executado por tipo de bolsa




### 3.1. Bolsa Comedor

Destinada a garantir o acceso e permanencia na universidade do estudiantado de titulacións oficiais con escasos recursos económicos.

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO e do Concello de Vigo
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.01
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
280.000,00 €	75,36%	68	830	500,00 €


Gráfica 25. Solicitudes



Gráfica 26. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 27. Causas de denegación (pode haber máis dunha por persoa)






### 3.2. Bolsa para iniciar estudos de mestrado

Destinada a financiar o custo da matrícula ao estudiantado de mestrado afectado polo cambio de requisitos académicos da bolsa de carácter xeral.

- **SECTORES** Estudiantes que inician estudios de Mestrado Oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.02
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
50.000,00 €	43,12%	60	71	695,46 €





### 3.3. Axudas ao estudo


Destinada a atender as necesidades do estudiantado matriculado na Universidade de Vigo en estudos universitarios oficiais de Grao, Mestrado ou Doutoramento, que presentan circunstancias económicas ou familiares que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.03
- **INDICADORES DE RESULTADOS**




Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
90.000,00 €	63,74%	70	390	574,92 €


Gráfica 31. Solicitudes



Gráfica 32. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 33. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




### 3.4. Axudas COVID-19

Destinada a atender as necesidades do estudiantado matriculado na Universidade de Vigo en estudos universitarios oficiais de Grao, Máster e Doutoramento, afectado polas consecuencias económicas da declaración do estado de alarma que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos.


- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
90.000,00 €	50,47%	69	179	547,92 €


Gráfica 34. Solicitudes



Gráfica 35. Denegadas por causa prioritaria



Gráfica 36. Causas de denegación (pode haber mais dunha causa por persoa)




### 3.5. Bolsas para a realización de cursos de linguas

Destinadas a financiar ao estudiantado de titulacións oficiais o custo de matrícula dos cursos intensivos de verán no Centro de Linguas da UVIGO, para fomentar o aprendizaxe de linguas estranxeiras.


- **SECTORES** Estudiantes de titulacións oficiais da UVIGO
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
15.000 €	63,74%	84	69	170,73 €


Gráfica 37. Solicitudes



Gráfica 38. Denegadas por Causa



Gráfica 39. Concedidas por curso



### 3.6. Axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudiantado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural


Destinada a axudar á difusión dos resultados das investigacións realizadas durante o período de formación do estudiantado de Doutoramento a través de publicacións científicas de impacto, congreso internacional ou canle equivalente.

- **SECTORES** Estudiantes matriculados no Programa de Doutoramento Interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 00PG 131H 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
1.626,00 €	100%	93	3	1.626,00€

A causa de denegación é o esgotamento do crédito orzamentario

Gráfica 40. Solicitudes




### 3.7. Bolsa para a realización de actividades de carácter formativo

Fomentar a participación do estudiantado en proxectos e eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamiento que complementen a súa formación académica.

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Máster
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamento da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.10
- **INDICADORES DE RESULTADOS**


Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
30.000 €	26,93%	129	56	187,86 €


Gráfica 41. Solicitudes



Tramítanse cinco expedientes de perda de dereito de cobro por non cumprir as obrigas da convocatoria

Gráfica 42. Denegadas por causa





### 3.8. Bolsas Santander Conecta


A finalidade do programa é paliar a fenda dixital existente entre o estudiantado universitario facilitándolle a adquisición de material informático

- |                             |                             |
|-----------------------------|-----------------------------|
|                             | Estudantes de Grao e Máster |
| ➤ SECTORES                  |                             |
| ➤ FONTES DE FINANCIAMENTO   | Banco Santander             |
| ➤ PARTIDA ORZAMENTARIA      | 0000 121D 482.99            |
| ➤ INDICADORES DE RESULTADOS |                             |



Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.150 €	44,83%	29	19	325,00 €

Gráfica 44. Solicitudes



As solicitudes denegadas son por non ter concedida bolsa MEFP ou goberno vasco coa compoñente de contía ligada a renda

Tramítanse tres expedientes de perda de dereito de cobro por non cumprir as obrigas


### 3.9. Santander Progreso

Facilitar no curso académico 2020/2021 o acceso á educación superior ao estudiantado de Grao e Máster.


- SECTORES Estudiantes de Grao e Máster
- FONTES DE FINANCIAMENTO Banco Santander
- PARTIDA ORZAMENTARIA 0000 121D 482.99
- INDICADORES DE RESULTADOS

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.000€	100 %	26	219	1.000 €

Gráfica 45. Solicitudes



Gráfica 46. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




### 3.10 Bolsas de inclusión

Destinada á colaboración do estudiantado na integración de alumnos/as con necesidades educativas especiais, que requiren dunha atención especial para a súa mellor integración e aproveitamento académico.

- **SECTORES** Estudiantes da mesma titulación oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 0000 121D 482.06

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.500,00€	100%	Concesión directa	7	1.500 €

Gráfica 47. Solicitudes



### 3.11 Bolsas de formación complementaria


Destinadas a complementar a formación académica do estudiantado a través de actividades compatibles cos seus estudos.

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Bolsas ofertadas	Número solicitudes	Bolsas concedidas	Contía media
1. Centros	128.649,15 €	89%	0000 121D 482.11	72	35	101	34	3.352,34 €
2. Sistemas informáticos	358.664,40 €	73%	0000 121D 482.11	72	84	139	75	3.477,16 €
3. Unidades e Áreas	81.450,11 €	90%	0000 121D 482.11	65	27	110	27	2.705,35 €
4. Vicerreitoría campus de Pontevedra	1.239,75 €	100%	0000 121D 482.11	25	1	6	1	1.239,75 €
5. Centros de investigación	30.125,25 €	79%	CITI 131H 482.11 CAT1 131H 482.11 CIB1 131H 482.11 EMT1 131H 482.11	65	6	30	5	4.763,92 €
6. Green-campus	2.666,26 €	100%	0000 121D 482.11	38	1	2	1	2.666,26 €
7. Fundación ONCE-CRUE (financiada Fondo Social Europeo)	10.800,00 €	83%	0000 121D 482.11	Non porocede	6	7	5	1.800,00 €


3.11.1 Bolsa de formación en Centros para o estudiantado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudiantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio co Banco Santander

Gráfica 48. Solicitudes




Gráfica 49. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)



3.11.2 Bolsa de formación en Sistemas informáticos


- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudiantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio co Banco Santander

Gráfica 50. Solicitudes



Producíronse 18 renuncias sendo substituídos pola listaxe de agarda


Gráfica 51. Denegadas por causa




### 3.11.3 Bolsa de formación Unidades e Áreas

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio co Banco Santander

Gráfica 52. Solicitudes




Gráfica 53. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




### 3.11.4 Bolsa de formación Vicerreitoría Campus de Pontevedra

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio co Banco Santander

Gráfica 54. Solicitudes




Gráfica 55. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)



### 3.11.5 Bolsa de formación Centros de Investigación


- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio co Banco Santander

Gráfica 56. Solicitudes



Prodúcense 2 renuncias sendo substituídos pola lista de agarda






### 3.11.6 Green Campus

- **SECTORES** Estudiantes do Grao en Enxeñaría Forestal
- **OBXECTIVOS**
  - Poner en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa educación ambiental
  - Desenvolver competencias e habilidades relacionadas con tarefas de conservación da natureza
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo


Gráfica 58. Solicitudes



### ENQUISA DE SATISFACCIÓN AO ESTUDANTADO


Realízase unha enquisa de satisfacción ao estudiantado beneficiario de bolsa de formación en centros, centros de investigación, sistemas informáticos e unidades na que participa o 62% dos/as bolseiros/as (109 enquisas) cos seguintes resultados:

Gráfica 59. satisfacción na realización do periodo formativo




- A persoa titora asignada supervisa e dirixe a súa actividade de formación?
- Recibe da persoa titora a axuda, apoio e información precisos para o desenrolo da bolsa?
- A universidade, pon a súa disposición as instalacións e os medios adecuados para a realización das actividades propias da bolsa de formación?
- As actividades e a formación recibida están relacionadas coa súa titulación e se axustan ao plan de formación?
- Pensa que o período formativo lle axuda a perfeccionar os coñecementos adquiridos nos seus estudos?

Gráfica 60. Satisfacción na súa relación coa sección de bolsas




Gráfica 61. Satisfacción global




### 3.11.7 Bolsa práctica “Fundación ONCE-CRUE” para estudiantado universitario con discapacidade

- **SECTORES** Estar matriculado/a na Universidade de Vigo en titulacións oficiais de Grao e Máster
- **OBXECTIVOS** Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Fondo Social Europeo

Gráfica 62. Solicitudes



Gráfica 63. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)



### 3.12 Bolsas de mobilidade


Destinadas a financiar os gastos derivados dos desprazamentos e estadias para realizar actividades académicas.

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Prazas ofertadas	Número solicitudes	Solicitudes concedidas	Contía media
<b>1. Doutoramento</b>	52.874,00 €	56%	2020 00PG 131H 482.10	58	-	27	21	1.408,67 €
<b>2. Mestrado</b>	6.140,00 €	67%	0010 111LP34 482.10 0005 111LP37 482.10 0016 111LP70 482.10 0010 111LP98 482.10 0009 111LP07 482.10 0008 111LP20 482.10	56	-	20	20	205,00 €
<b>3. Mujeres por África (concesión directa)</b>	22.000,00 €	26%	0000 121D 482.99	concesión directa	6	6	5	1.115,25 €


**3.12.1 Bolsa Mobilidade para o estudiantado de programas de Doutoramento da Universidade de Vigo**

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento dos indicados
- **OBXECTIVOS** Contribuír a paliar os gastos ocasionados ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento, con motivo da asistencia a cursos, congresos, estadias e realización de actividades incluídas na súa programación académica, que impliquen desprazamento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVigo


Gráfica 64. Solicitudes




Gráfica 65. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)



Gráfica 66. Concedidas por programas de doutoramento




Gráfica 67. Concedidas por importe de axuda




3.12.2 Bolsa Mobilidade Mestrado:

- **SECTORES** Estudiantes dos seguintes Mestrados:
  - Nanociencia e nanotecnoloxía
  - Lingüística aplicada
  - Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
  - Investigación química e química industrial
  - Xenómica e Xenética
  - Enxeñaría de minas
- **OBXECTIVOS** Sufragar os gastos derivados da realización de actividades propias dos Mestrados oficiais impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nun lugar diferente ao da sede do Mestrado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo

Gráfica 68. Solicitudes



Gráfica 69. Número de concedidas por importe de axuda





### 3.12.3 Mujeres por África

- **SECTORES** Mulleres procedentes de países de África
- **OBXECTIVOS** A FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA ten asinado un convenio coa Universidade de Vigo co obxecto de contribuír ao progreso das mulleres africanas e as sociedades nas que viven, a través da participación no programa de bolsas Learn Africa para estudantes e investigadoras júnior africanas na Universidade de Vigo
  
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo

Concederanse cinco bolsas a solicitantes con nacionalidades ecuatoguineanas (4) ,camerunesa (1).

### 3.13 Premios


A Universidade de Vigo, comprometida coa cultura do mérito e do aproveitamento académico reconece a través dos premios ao estudiantado que destaca por unha traxectoria curricular de excelencia.

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Prazas ofertadas	Número solicitudes	Solicitudes concedidas	Contía media
1. Egeria	3.300,00 €	100%	00RS 421S 482.12	45	6	50	6	550,00 €
2. Excelencia Doutoramento	10.500,00 €	100%	00PG 131H 482.12	62	42	64	42	250,00 €
3. Excelencia Grao	36.000,00 €	100%	0000 121D 482.12	59	60	87	60	600,00 €
4. Excelencia Mestrado	9.000,00 €	100%	0000 121D 482.12	70	15	88	15	600,00 €
5. RSU e Axenda 2030	7.500,00 €	42%	0000 121D 482.12	32	6	47	6	520,16 €
6. Premios mellores cualificacións mestrados	2.000,00 €	100%	0005 111LP39 482.12 0018 111LP81 482.12 0005 111LP37 482.12	39	8	27	8	250,00 €
7. Axudas redacción textos galego	12.000,00 €	100%	0000 421S NLI 482.99	47	-	91	51	235,29 €
8. Cátedra MN	14.000,00 €	86%	007 111L00 48299	62	-	2	4	3.000,00 €
9. Cátedra telefónica	2.500,00 €	100%	000 121D 482.99	39	5	13	5	500,00 €
10. Campus Crea	3.000,00 €	67%	PON1 211ECUL 482.99	33	16	26	12	166,67 €
11. Premios Girlgeekcovid	6.000,00 €	100%	00RS 131H 482.99	56	4	14	4	1.500,00 €
12. Incuvi emprende	12.000,00 €	100%	0000 121D 482.99	96	12	14	12	1.000,00 €
13. Incuvi avanza	10.000,00 €	90%	0000 121D 482.99	96	4	9	4	2.250,00 €
14. Incuvi consolida	2.000,00 €	100%	0000 121D 482.99	31	1	1	1	2.000,00 €


3.13.1 Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de Grao e Mestrado

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** Recoñecer, publicitar e premiar os mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Máster (TFM) que inclúan a perspectiva de xénero realizados polo estudantado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Universidade de Vigo

Gráfica 70. Solicitudes




Gráfica 71. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




3.13.2 Premios á excelencia académica para o novo estudiantado de Doutoramento

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Atender de maneira especial ao novo estudiantado da Universidade de Vigo que destaca particularmente por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo


Gráfica 72. Solicitudes




Gráfica 73. Concedidas por rama de titulación



Gráfica 74. Concedidas por programas de doutoramento




Gráfica 75. Concedidas por nota ponderada




3.13.4 Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos universitarios en titulacións de Grao

- **SECTORES** Estudantes de Grao por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao estudiantado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso na universidade, ou que teñan acadado un relevante éxito nas distintas fases das Olimpíadas científicas
- **FONTES DE FINANCIACIÓN** Orzamentos da Uvigo


Gráfica 76. Solicitudes




Gráfica 77. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




Gráfica 78. Concedidas por rama de titulación






### 3.13.4 Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos Mestrado

- **SECTORES** Estudiantes de Mestrado por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao estudiantado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso nos estudos de Máster
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da Uvigo




Gráfica 81. Denegadas por Causa





Gráfica 82. Concedidas por nota



3.13.5 Premio TFG/TFM en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a RSC

➤ SECTORES

Estudantes de Grao e Mestrado


➤ OBXECTIVOS

Recoñecemento dos traballos de fin de Grao e Mestrado realizados polo estudiantado da Universidade de Vigo que se distinguen por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social, facilitando a gratuidade da matrícula nos estudos que supoñan continuación dos xa cursados

➤ FONTES DE FINANCIAMENTO


Orzamentos Uvigo

Gráfica 83. Solicitudes




Tramítanse dous expedientes de perda de dereitos de cobro por non cumprir as obrigas

Gráfica 84. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




Gráfica 85. Concedidas por tipo de traballo



Gráfica 86. Concedidas por titulación



Gráfica 87. Número de concedidas por nota




3.13.6 Premios aos expedientes académicos con mellores cualificacións nos mestrados universitarios

- SECTORES
  - Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
  - Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde
  - Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada
- OBXECTIVOS
 


Recoñecer e incentivar ao estudantado con aproveitamento académico excelente nos mestrados que se indican
- FONTES DE FINANCIAMENTO
 

Orzamentos da Uvigo

Gráfica 88. Solicitudes




Gráfica 89. Concedidas por nota




**3.13.7 Axuda para redactar e defender en galego Teses de Doutoramento, Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Mestrado**

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Incentivar o uso do galego nas Teses de Doutoramento, nos Traballos de Fin de Grao e nos Traballos de Fin de Mestrado, así como premiar o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma e incrementar o patrimonio dos textos redactados
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio coa Xunta de Galicia


Gráfica 90. Solicitudes




Gráfica 91. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)




Gráfica 92. Concedidas por tipo de traballo



Gráfica 93. Concedidas por rama de coñecemento



Gráfica 94: Concedidas por nota



3.13.8 Cátedra MN

- **SECTORES**


Pertencer a algún dos seguintes colectivos:

  - a. Alumnado matriculado na Universidade de Vigo no curso 2020/2021 nas titulacións da rama de Enxeñaría
  - b. Persoas egresadas no curso 2018/2019 ou posteriores na UVIGO nas titulacións anteriores.
- **OBXECTIVOS**


A Cátedra MN ten como obxectivo fundamental impulsar a colaboración entre a Universidade e a empresa mediante actividades que promovan e recoñezan o espírito de emprendeduría tecnolóxica co obxectivo de premiar o desenvolvemento de probas de concepto en temas de interese da empresa MN que estimulen a capacitación, especialización e actualización de competencias de membros e recién regresados da comunidade universitaria.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO**

Cátedra MN

Gráfica 95. Solicitudes



Gráfica 96. Concedidas por titulación



3.13.9 Cátedra Telefónica

- **SECTORES**

Estudiantado que superou o Traballo fin Mestrado (TfM) durante o curso 2020/2021 na Universidade de Vigo cunha cualificación igual ou superior a 7 puntos.
- **OBXECTIVOS**


Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos Traballos de fin de Mestrado (TFM) realizados polo estudiantado da Universidade de Vigo que se distingan por ser especialmente relevantes nas temáticas relacionadas con obxectivos de desenvolvemento sostible. En concreto se premiarán os traballos que presenten propostas de innovación que aborden



melloras aos problemas da humanidade relacionados cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da Axenda 2030.

- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Cátedra Telefónica


Gráfica 97. Solicitudes



### 3.13.10 Premios TFG e TFM do Campus CREA da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantado do Campus de Pontevedra
- **OBXECTIVOS** Estas premios teñen por obxecto recoñecer e darlle unha maior difusión aos traballos de investigación feitos polo estudiantado do campus de Pontevedra, que contribúan á promoción do Campus CREA
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos Uvigo


Gráfica 98. Solicitudes



### 3.13.11 Premios Girlgeekcovid da cátedra de feminismos 4.0 depo-uvigo

- **SECTORES** Alumnas matriculadas na Universidade de Vigo no curso 2020/2021 en 60 créditos en titulacións de Grao ou Máster das ramas de Enxeñaría ou Ciencias dos Campus de Pontevedra e Vigo.
- **OBXECTIVOS** Estas premios teñen por obxecto de incentivar, apoiar e fomentar os estudos STEM entre as mulleres.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio coa Deputación de Pontevedra


Gráfica 99. Solicitudes



### 3.13.12 Incuvi emprende


- **SECTORES** Estudiantado matriculado na Universidade de Vigo en estudos de grao ou mestrado no curso 2020/2021 e Persoas tituladas en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo no curso 2018/2019 ou posteriores.
- **OBXECTIVOS** Fomento do espírito emprendedor entre o estudiantado e persoas recentemente tituladas a través dun concurso de ideas que proporcione a proxectos emprendedores dos tres campus un programa de preincubación de un ano de duración
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio con distintas institucións

Gráfica 100: Proxectos



### 3.13.13 Incuvi avanza

- **SECTORES** Estudiantes ou persoas egresadas da Universidade de Vigo que resultaran gañadores ou obtivesen unha mención honorífica na convocatoria de INCUVI-Emprende.
- **OBXECTIVOS** Contribuír á consolidación de proxectos emprendedores viables, nados ou desenvolvidos na Universidade de Vigo e promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas na mesma.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Convenio con distintas institucións



O proxecto denegado é por non estar matriculado no curso 2020/2021 na Uvigo ou non ser titulado no curso 2017/2018 ou posterior o solicitante ou algún dos membros do equipo

### 3.13.14 Incuvi Consolida

➤ **SECTORES**

Proxectos emprendedores previamente beneficiarios do programa INCUVI Avanza e desexen continuar ca maduración e desenvolvemento do proxecto emprendedor.


➤ **OBXECTIVOS**

O obxecto desta convocatoria é a concesión dunha axuda que contribúa á consolidación de proxectos emprendedores viables, nados ou desenvolvidos total o parcialmente na Universidade de Vigo e promovidos por persoas recentemente tituladas na mesma co fin de que os beneficiarios podan seguir madurando o proxecto validar a idea e analizar a existencia dunha demanda real no mercado

➤ **FONTES DE FINANCIAMENTO**


Convenio con distintas institucións

Gráfica 102. Proxectos




3.14. Bolsas tramitadas doutros anos

3.14.1. Premio Catedra telefonica 2019/2020



Gráfica 104. Denegadas por causa (pode haber mais dunha causa por persoa)



**1** FIN DA  
POBREZA



**2** FAME CERO



**4** EDUCACIÓN  
DE CALIDADE



**5** IGUALDADE  
DE XÉNERO



**10** REDUCCIÓN DAS  
DESIGUALDADES



**17** ALIANZAS PARA  
ACADAR OS  
OBJECTIVOS

